

PROGRAMA PRIMAVERA: “CUNHA PINGA DE AUGA”

O obxectivo deste programa de Primavera, baixo o título "CUNHA PINGA DE AUGA", é achegar aos nenos e nenas a este recurso natural tan importante para a vida, dunha forma divertida que xere interese, curiosidade e respecto pola natureza ao tempo que se dote aos participantes das ferramentas precisas para instaurar no seu día a día hábitos de coidado cara ao medio ambiente.

A través de xogos psicomotrices e deportivos, actividades plásticas, experimentos científicos, xogos de roles, actividades de igualdade, teatro... potenciaranse as súas aptitudes creativas e as súas competencias sociais (traballo en equipo, respecto mutuo, empatía).

Cada día será unha personaxe relacionada dalgún xeito coa auga a que se encargará de contextualizar as actividades a través das súas historias e anécdotas. Os nenos e nenas coñecerán as características da auga, curiosidades, problemas actuais e futuros, e sobre todo, como coidar da auga e do medioambiente. Do mesmo xeito aproveitarase para traballar a igualdade de xénero e a aceptación e respecto ás diferenzas sexa no ámbito que sexa (familia, sexo, orientación sexual, n.e.e., raza etc) a través do seu discurso, e das preguntas e retos das que os nenos e nenas deberán saír co seu enxeño e coñecementos.

A metodoloxía a empregar caracterízase por ser activa e participativa, ao mesmo tempo que:

- **Lúdica:** a través do xogo impulsamos a aprendizaxe.
- **Interactiva:** promovemos o diálogo e a discusión dos nenos e nenas co obxectivo de que se confronten ideas nun ambiente de respecto e tolerancia.
- **Creativa e flexible:** non responde a modelos ríxidos e estáticos, abandonamos a idea de que as cousas só se poden facer dunha forma.
- **Fomentamos a conciencia de grupo:** mediante a convivencia e o compañeirismo.
- **Fomentamos a creatividade** a través de obradoiros manuais, xogos e actividades adaptadas as diferentes idades.

Propiciamos situacións nas que os nenos e nenas teñen que pensar, organizar, proxectar, imaxinar, deducir e expresarse libremente.